

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 11 DE XUÑO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde accidental, D. Diego Antonio Taibo Monelos

ASISTENTES:

D^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D^a M^a Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D. Miguel Suárez García
D^a Marta M^a Figueroa Fuentes

NON ASISTE:

D^a Marta M^a Iglesias Becerra

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e dez minutos do día once de xuño do ano dous mil dezaoto, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde accidental, D. Diego Antonio Taibo Monelos (resolución do 11 de xuño de 2018) e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D^a M^a Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D. Miguel Suárez García e D^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D^a Marta M^a Iglesias Becerra.

Asiste á sesión a interventora municipal, D^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a secretaria xeral, D^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 4 DE XUÑO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de xuño de dous mil dezaoto, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 4 de xuño de 2018.

2.- DACIÓN DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 26 de marzo de 2018, do Ministerio de Fomento -Dirección Xeral de Estradas-, pola que se actualizan determinadas táboas da norma 5.2 IC sobre drenaxe superficial da instrución de estradas. BOE núm. 136 do 05-06-2018.
- Orde do 25 de maio de 2018, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para a creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2018 e 2019. DOG núm. 106 do 05-06-2018.

- Orde do 24 de maio de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a posta en marcha de laboratorios cooperativos no rural, e se convocan para os anos 2018 e 2019. DOG núm. 108 do 07-06-2018.
- Resolución do 1 de xuño de 2018, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO106: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico-deportivo durante o ano 2018. BOP núm. 105 do 05-06-2018.
- Resolución do 1 de xuño de 2018, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO206: subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico en xestión cultural e/ou animación sociocultural no ano 2018. 2018. BOP núm. 106 do 06-06-2018.
- Resolución do 6 de xuño de 2018, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións do programa FO207: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais, 2018. BOP núm. 108 do 08-06-2018.
- Resolución do 6 de xuño de 2018, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións do programa FO216: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación 2018. BOP núm. 108 do 08-06-2018.
- Resolución do 6 de xuño de 2018, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións do programa FO221: subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, 2018. BOP núm. 108 do 08-06-2018.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. alcalde accidental dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Área de Urbanismo:

"RESOLUCIONS DO 31.05.2018

Resolución 820.- Concedendo a E.H.A., licenza municipal de obras para a rehabilitación integral dunha vivenda unifamiliar, situada na Rúa Conduzo, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2017/575).

Resolución 821.- Concedendo a M.J.V.S., licenza municipal de obras para a reparación dunha vivenda unifamiliar existente na Rúa Río Eume, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/252).

Resolución 822.- Concedendo a J.M.B.M., licenza municipal de obras para a construción dunha edificación auxiliar destinada a garaxe e apeiros de labranza, situada no Lugar de Outeiro de Arriba, parroquia de Sésamo (exp. UAU/2018/80)."

2.2.2.- O Sr. alcalde accidental dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras

"

- Resolución núm. 839 de data do 04/06/2018, pola que se require á D. A. S. M. a retirada do vehículo estacionado de maneira definitiva na R/. Salvador Allende, fronte ao número 11, matrícula C-8280-BW.

- Resolución núm. 840 de data do 04/06/2018, pola que se require á INDESICO, SL, a retirada do vehículo estacionado de maneira definitiva na R/. Luis Seoane, parroquia de Rutis, matrícula PO-1552-V.
- Resolución núm. 841 de data do 04/06/2018, pola que se require á D. M. C. C. a retirada do vehículo estacionado de maneira definitiva na Avda. Vilaboa, á altura do núm. 100, matrícula 7282 GGS.
- Resolución núm. 842 de data do 04/06/2018, pola que se require á 'Cristalería y aluminios Fernando, SL' a retirada do vehículo estacionado de maneira definitiva na R/. Autonomía, matrícula 5966 DPK.
- Resolución núm. 843 de data do 04/06/2018, pola que se require á D.ª J. R. M. a retirada do vehículo estacionado de maneira definitiva no parque empresarial de Alvedro, parroquia de Almeiras, matrícula C-5968-BW."

2.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

“

*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
28/05/18	782	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	J. G. S.	Cinco horas á semana (agás festivos).
28/05/18	783	Conceder o servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria.	C. L. R.	
28/05/18	784	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	J. M. B. E. S. A. V.	Dúas horas á semana (agás festivos).
28/05/18	785	Conceder o servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria.	J. A. R.	
28/05/18	791	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluso o procedemento.	A. F. S.	
28/05/18	792	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	M. N. B. E. P. N. B.	Dúas horas á semana (agás festivos).
28/05/18	793	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	R. H. F. CH.	Dúas horas á semana (agás festivos).
28/05/18	794	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	M. R. S.	Dez horas á semana (agás festivos).
28/05/18	795	Conceder o servizo municipal mde Teleasistencia domiciliaria.	B. B. P.	

C.I.F. P-1503100-H

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
28/05/18	796	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	J. A. V. M.	Recibo de auga, correspondente ao primeiro trimestre de 2018. Recibos de electricidade, correspondente ao mes de febreiro (57,04 €) e marzo (53,59 €) de 2018.	81,26 € 110,63 €
28/05/18	798	Conceder unha axuda económica.	A. R. B. R.	Pago de recibos de electricidade, correspondente a oito meses de 2018.	
28/05/18	810	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	E. I. R.	Recibo de electricidade, correspondente ao período comprendido entre o 11/04/2018-13/05/2018.	83,22 €
31/05/18	819	Conceder unha axuda económica.	S. A. N.F.	Pago de aluguer, correspondendo 400 € o mes de febreiro, marzo e 275,68 € o mes de abril de 2018.	1.075,68 €

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
09/05/2018	679	Coneder a tarxeta estacionamento por razón de discapacidade.	O.M.F.	10 anos
28/05/2018	787	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	S.M.A.	10 anos
28/05/2018	788	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	A.M.R.F.S.	Ata o 19/06/2018

28/05/2018	789	Concesión da tarxeta estacionamento por razón de discapacidade.	M.J.P.A.	10 anos
------------	-----	---	----------	---------

“

2.2.4.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN:

EDUCACULLEREDO 2017/18

ACTIVIDADE: Culleredo ao descuberto.

Programa: Educación patrimonial e histórica.

Datas: 11 e 15 de xuño.

Horario: 9:00 - 14:00 h.

Colexios participantes: “Isaac Díaz Pardo”.

Curso: 6º EP.

Nº participantes: 50.

Lugar: aulas e percorrido a pé polo monte Xalo.

ACTIVIDADE: Ruta didáctica pola Idade Moderna: pazo Vilaboa.

Programa: Educación patrimonial e histórica.

Datas: 12 e 13 de xuño.

Horario: 10:00 - 12:30 h.

Colexios participantes: “Sofía Casanova” e “Ría do Burgo”.

Curso: 5º EP.

Nº participantes: 107.

Lugar: Pazo Vilaboa.

ACTIVIDADE: Ruta didáctica polo patrimonio natural: río Trabe

Programa: Educación ambiental.

Datas: 13 de xuño.

Horario: 9:30 - 12:30 h.

Colexios participantes: “Ría do Burgo” e “A Ponte Pasaxe”.

Curso: 5º EP.

Nº participantes: 46.

Lugar: Aula de Natureza e Paseo marítimo.

ACTIVIDADES CULTURAIS

MARTES 12 DE XUÑO

Conservatorio de Música de Culleredo. 20.00 h:

Concerto didáctico de guitarra, con alumnos/as do profesor Salvador López Outeiral. Entrada libre.

MÉRCORES 13 DE XUÑO

Conservatorio de Música de Culleredo. 20.30 h:

Recital Fin de Grado de Saxofón, a cargo de Diego Torreiro Pan. Entrada libre.

XOVES 14 DE XUÑO

Conservatorio de Música de Culleredo. 19.00 h:

Concerto didáctico de viola, por Iria Fernández Silva. Entrada libre.

Código do documento	Código do expediente
USG12I00I4	USG/2018/86
Código de Verificación Electrónica (COVE)  1T3O 1W0J 4X4Y 4G3M 0DP0	

VENRES 15 DE XUÑO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:

Obradoiro de contos: *Quen vén esta noite?*

De 5 a 8 anos. Previa inscrición (na mesma semana)."

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O alcalde accidental

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H